

# Mos

BOLETÍN INFORMATIVO DO BNG-MOS



## "O mellor equipo de goberno para Mos"

O BNG presenta os cinco primeiros postos da candidatura para as eleccións municipais de 2023

**Gustavo Barcía repetirá como candidato á alcaldía co obxectivo de "gobernar para toda a veciñanza e acabar co sectarismo e a nefasta xestión do PP"**

**Sara Samartín, Alberto Barreiro, Esther Rúas e Carlos Villar "Cao", acompañaranos á fronte dun proxecto "renovador e ilusionante"**

A lista do BNG para as próximas eleccións municipais contará con persoas de recoñecida capacidade de traballo e unha ampla experiencia no tecido asociativo. O candidato á alcaldía, Gustavo Barcía, desvelou ante un bo número de veciños e veciñas o nome das catro persoas que o acompañarán á fronte dunha candidatura que aspira a "gobernar para toda a veciñanza, poñendo fin ao sectarismo e a nefasta xestión do PP".

A actual vicerresponsábel local do BNG, Sara Samartín, ocupará o segundo posto na lista para o 28 de maio de 2023, seguida por Alberto Barreiro, Esther Rúas e Carlos Villar "Cao". Gustavo Barcía está convencido de que este equipo "conta coa preparación e a ilusión precisa para liderar o cambio que tanto demanda a veciñanza".

Na presentación, o candidato á alcaldía destacou a importancia dos próximos comicios municipais. "Os anos vindeiros serán decisivos para definir o modelo de concello no que queremos vivir", indicou Barcía, "e fronte a un PP que está ao servizo dos especuladores, nós apostamos decididamente por un desenvolvemento urbanístico ordenado, sostíbel e que impulse a calidade de vida da veciñanza".

As persoas que encabezan a candidatura incorpóranse ao proxecto do BNG "coa firme intención de gañar as eleccións e formar goberno". A lista, paritaria e renovada, será un reflexo do crecemento experimentado polo BNG nos últimos anos, coa incorporación de nomes procedentes de distintos eidos profesionais, do tecido comercial, do asociacionismo e dos movementos sociais.

## Afíliate, faite do bloque

Anímate a dar o paso, súmate ao proxecto do BNG



GUSTAVO BARCIA, CANDIDATO DO BNG Á ALCALDÍA DE MOS

# "Queremos que a xente sinta o orgullo de ser de Mos porque hai calidade de vida, non por ter letreiros luminosos"

"Imos rematar co sectarismo do PP para que ningunha persoa nin asociación se sinta excluída na Casa do Concello".

**Quedan menos de seis meses para a fin do mandato. Que valoración fas destes catro anos como concelleiro e portavoz do BNG?**

Fago unha valoración positiva, porque demostramos que, estando no goberno ou na oposición, temos as ideas claras. Denunciamos as falcatruadas do PP de Nidia Arévalo e o que é máis importante: propuxemos alternativas ás súas chapuzas e á desfeita da súa nefasta xestión.

**A que aspira o BNG de Mos nas eleccións municipais de 2023?**

Pois aspiramos a gobernar este concello. Pero non gobernar por gobernar, senón cun proxecto de futuro e para toda a veciñanza. Queremos rematar co sectarismo do PP e que ningunha persoa nin asociación se sinta excluída polo goberno.

**Cales son, na túa opinión, os principais retos que deberá afrontar Mos nos próximos anos?**

Para nós, a máxima prioridade será ofrecer solucións para a meirande carencia que padece a veciñanza: que non temos uns servizos de calidade. Isto será fundamental para construír un concello de futuro. É dicir, que a xente de Mos sinta



Gustavo Barcia

o orgullo de vivir aquí porque é un sitio digno onde hai calidade de vida, non por ter o nome do concello escrito con letras luminosas nas rotondas.

**E cales van ser os principais eixos do programa electoral do BNG de Mos para 2023?**

Primeiro, democratizar o Concello. Que ningunha persoa de Mos se sinta estraña na Casa do Concello, que sexa sempre ben recibida. Despois, ofrecerlle á veciñanza un goberno que traballe por e para a xente, non para os especuladores nin para os promotores de grandes áreas comerciais, que é o que acontece agora. Queremos que Mos creza de maneira ordenada e sostíbel. Que a xente nova, que agora está condenada a marchar a outros concellos, poida quedar aquí e gozar dunha verdadeira calidade de vida.

**Xa que falas de especuladores... aínda estamos a tempo de frear o pelotazo urbanístico no monte de Tameiga?**

Por suposto que estamos a tempo. A Xunta está buscando a forma de legalizar o pelotazo, pero en canto entremos a gobernar, iso vaise paralizar polo civil ou polo criminal.

## PRIMEIRO TRAMO DA CANDIDATURA PARA 2023



**SARA SAMARTÍN RODRÍGUEZ**

Veciña de Pereiras e avogada de profesión. Conta con estudos de Dereito e un Máster en Dereito Laboral e da Seguridade Social. forma parte do Consello Local do BNG, onde ocupa o cargo de vicerresponsábel da organización.



**ALBERTO BARREIRO RICÓN**

Veciño de Louredo, enxeñeiro técnico industrial. Leva vinculado, dende os seus inicios, á Agrupación Cultural A Cidade e formou parte de distintas entidades deportivas e culturais do concello, como a U.D. Mos ou Arde o Pazo.



**ESTHER RÚAS MIGUÉLEZ**

Titulada en Educación Social e Psicopedagogía, conta cunha ampla traxectoria en proxectos de voluntariado. Vive en Torroso, é xerente dun establecemento comercial e preside a asociación "Revolto Artesán Galego".



**CARLOS VILLAR GUTIÉRREZ "CAO"**

Veciño de Tameiga, traballador do sector naval. É membro da directiva da Comunidade de Montes de Tameiga e coordinador da Sala Rebullón, espazo de referencia a nivel galego pola súa programación artística e musical.

## O BNG cuestiona a declaración de interese autonómico do pelotazo urbanístico do Celta



Alexandra Fernández con representantes da veciñanza comuneira

A deputada Alexandra Fernández denunciou, no Parlamento galego, as manobras da Xunta de Galiza para facilitar a tramitación do proxecto urbanístico do Celta, "pola vía expresa e saltándose filtros de control", malia os numerosos informes que alertan do seu impacto e as sentenzas que confirmaron a ilegalidade das obras. Fernández cualificou a declaración de interese autonómico como "un instrumento para facilitar que as empresas amigas do PP sorteen todo criterio de planificación sostíbel".

## O PP rexeita as propostas do BNG para reforzar o investimento municipal en Cultura e Benestar Social

O BNG de Mos presentou 14 emendas aos orzamentos do Concello para 2023. Gustavo Barcia reclamou máis fondos para servizos públicos, benestar social, cultura e deporte, mais as súas propostas foron rexeitadas polo PP. Nas contas figuran, por contra, gastos propagandísticos coma os 15.000 euros destinados ao renting dunha pantalla LED para a rotonda das Angustias.

## A ESTRADA MOS-PUXEIROS PRECISA UNHA REFORMA MÁIS AMBICIOSA



As carencias en materia de seguridade viaria da estrada provincial que vai da N-550 ao alto de Puxeiros son evidentes, mais o proxecto de reforma que se empezou a executar, en opinión do BNG, non vai solucionar os problemas. Na parroquia de Mos non se contempla, por exemplo, o ensanchamento da calzada nin a construción de beirarrúas.

Gustavo Barcia cualificou a obra de "chapuza" e reclamou unha revisión do proxecto. A propia alcaldesa recoñeceu que a proposta era pouco ambiciosa, pero optou por seguir adiante e culpou aos propietarios que se negan a ceder os terreos para ampliar a calzada. Di que non está disposta, en ano preelectoral, a afrontar as expropiacións precisas.

## COMPROMISO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Con motivo da conmemoración do 25-N, o BNG organizou, no Pazo de Mos, a charlacoquio "O camiño para previr a violencia de xénero", dirixida pola criminóloga Raquel Rodríguez Muñiz. No encontro abordáronse as claves para identificar os sinais de alarma dende o primeiro momento e ofrecer axuda ás vítimas.

## EMENDAS DO BNG AOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE MOS



### SERVIZOS

	0 €	60.000 €	+60.000 €
Axudas ás traídas de augas	0 €	60.000 €	+60.000 €
Transporte urbano	25.000 €	60.000 €	+35.000 €

### BENESTAR SOCIAL

Centro de Información á Muller (CIM)	28.000 €	50.000 €	+22.000 €
Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	1.050.000 €	1.100.000 €	+50.000 €

### EDUCACIÓN

Subvención conservatorio	50.000 €	60.000 €	+10.000 €
Actividades con escolares	4.000 €	12.000 €	+8.000 €
Escolas de verán	0 €	5.000 €	+5.000 €

### CULTURA

Axuda para actividades das asociacións	0 €	12.000 €	+12.000 €
Plan Cultural	37.000 €	50.000 €	+13.000 €
Día das Letras Galegas	0 €	5.000 €	+5.000 €

### DEPORTE

Subvencións a clubs deportivos	37.100 €	46.600 €	+9.500 €
Arranxo do pavillón de Sanguñeda	0 €	30.000 €	+30.000 €

### CONCILIACIÓN FAMILIAR

Tempo de lecer	10.000 €	15.000 €	+5.000 €
Ocio en familia	3.000 €	6.000 €	+3.000 €



## "Esta crise de prezos e inflación non a pode pagar o pobo galego"

**ANA PONTÓN**

Portavoz Nacional do BNG

### O BNG vén de realizar unha mobilización nacional en Compostela o pasado 18 de decembro.

Si, cremos que é preciso e que hai unha necesidade social de trasladar que esta crise de prezos e inflación non a pode pagar o pobo galego, nin pode repercutir no deterioro dos servizos públicos. Hai que plantar cara aos discursos oficiais que dan esta situación como inevitábel. É evidente que estamos nun contexto de crise económica europea, mais tamén o é que hai alternativas viábeis, realistas e positivas no inmediato que se poden e deben tomar canto antes por parte dos gobernos.

### A do BNG é unha campaña que acolle diferentes contidos e temáticas.

Si, porque esta crise está a ser usada para debilitar aínda máis as coberturas sociais públicas e as políticas de apoio ás familias e á economía real. A escusa foi Ucraína, mais a esta alturas xa non resulta críbel esa explicación, porque todo isto xa vén de antes. A través de instalar o medo na xente, a preocupación económica, os poderes aproveitan para ir aos poucos liquidando a sanidade pública, a atención

á dependencia, promovendo o privado fronte ao que é de todas e todos, alimentando un modelo de vida que se parece cada vez máis á "lei da selva". E fronte a iso rebelámonos. Defendemos un modelo contrario: xusto, avanzando, que defenda o emprego, a economía real e as garantías sociais, con poderes públicos fortes que actúen na defensa da sociedade á que se deben.

### E o BNG defende medidas concretas...

Claro, no inmediato e tamén no medio prazo. É urxente axudar ás familias, ás pequenas empresas, ás persoas autónomas. Hai que esixir que a banca devolva os 60.000 millóns de euros cos que foi rescatada na crise de 2008. Ou que as grandes fortunas tributen o que é debido en beneficio da maioría social. Ou implantar canto antes unha tarifa eléctrica galega, impoñer á banca unha moratoria na suba das hipotecas, acabar coa estafa da AP-9, desenvolver a capacidade produtiva do noso país... ou poñer fin ao espolio fiscal galego: máis de 4.000 empresas emprazadas en Galiza pagan os seus impostos en Madrid.

## O BNG reclámalle ao goberno do Estado o investimento de 4,6 millóns de euros en Mos

O BNG incluíu, entre as súas emendas aos Orzamentos do Estado, unha serie de actuacións que suporían o investimento de 4,6 millóns de euros en Mos. O deputado Néstor Rego indicou que se trata de demandas históricas da veciñanza, pero o goberno de PSOE e Unidas Podemos rexeitou todas as propostas.

Entre as obras solicitadas figuraban a reforma do acceso á A-55 e á AP-9 en Puxeiros, a insonorización da autovía Vigo-O Porriño, a humanización e dotación de saneamento na N-550, a limpeza do leito e as marxes do río Louro e a construción dunha rotonda no cruce dos Valos.



Néstor Rego e Gustavo Barcia

## Contacta co BNG!

📞 608 08 83 83

📷 @bngdemos

🌐 mos.bng.gal

✉ mos@bng.gal

🐦 @bngdemos

📺 Bng de Mos

